

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Aprobación definitiva Ordenanza xeral prezos públicos 2013

Anuncio: Ordenanzas: Prezos Públicos: Ordenación: modificación.

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 29 de xullo de 2013 adoptou, entre outros, o acordo de modificación da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos.

Sometido o expediente ao preceptivo trámite de información pública por período dun mes, sen que se tiveran presentado alegacións, procédese á inserción do texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

A nova redacción entrará en vigor unha vez transcurrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, contado desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no B.O.P

O texto íntegro da nova redacción é o seguinte:

<<

ORDENANZA DE PREZOS PUBLICOS Nº 1

ORDENANZA XERAL PARA O ESTABECEMENTO E MODIFICACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE CARBALLO

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E REXIME.

1.- Os prezos públicos constitúen un dos recursos das facendas locais, consonte ao disposto no art. 2.1.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais –en diante, TRLRHL-.

2.- Consonte ao previsto no art. 127 TRLRHL, o Concello de Carballo poderá establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal.

3.- Os devanditos prezos públicos rexeranse polo previsto nos arts. 41 a 47 do TRLRHL, na Lei 8/1989, de taxas e prezos públicos do Estado, e polas disposicións da presente Ordenanza.

ARTIGO 2º.- CONCEPTO DE PREZO PÚBLICO.

1.- O Concello de Carballo poderá establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia do mesmo, sempre que non concorra ningunha das seguintes circunstancias:

a) Que a actividade ou servizo no sexa de solicitude ou recepción voluntaria para o administrado, entendéndose que non é voluntaria ben cando veña imposta por disposicións normativas ou ben cando os servizos ou actividades sexan imprescindibles para a vida privada ou social de quen os solicita.

b) Que a actividade ou servizo non se preste ou realice polo sector privado.

2.- De se producir algunha das circunstancias anteriores, deberase acordar a imposición e ordenación da correspondente taxa, consonte ás normas reguladoras dos tributos contidas no TRLRHL.

3.- En ningún caso se poderán esixir prezos públicos polos seguintes servizos:

a) Abastecemento de augas en fontes públicas.

b) Alumeado das vías públicas.

c) Vixilancia pública xeral.

d) Protección civil.

- e) Limpeza das vías públicas.
- f) Ensino nos niveis da educación obrigatoria.

ARTIGO 3º.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

Atópanse obrigados ao pagamento dos prezos públicos aquelas persoas físicas, xurídicas, ou entidades do art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que se beneficien dos servizos ou actividades polas que deban satisfacerse aqueles.

ARTIGO 4º.- CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS.

- 1.- Os prezos públicos deberán cubrir, alomenos, o custe do servizo prestado ou da actividade realizada.
- 2.- Non obstante, nos supostos nos que existan razóns de tipo social, benéfico, cultural, ou de interese público, que así o aconsellen, poderanse fixar prezos públicos por debaixo do custe do servizo ou actividade. Nestes supostos, para a súa fixación esixirase a elaboración dunha memoria que xustifique as concretas causas que concorran, dentro das antes enumeradas, e xustifiquen a elusión do límite do parágrafo primeiro.

ARTIGO 5.- ESTABLECEMENTO E FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS.

- 1.- O establecemento e modificación dos prezos públicos é competencia do Pleno da Corporación.
- 2.- O Pleno da Corporación poderá delegar na Xunta de Goberno Local o establecemento e modificación dos prezos públicos, consonte ao previsto no art. 23.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- 3.- Ao abeiro do establecido no art. 47.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Carballo delega na Xunta de Goberno local:
 - a) A modificación das contías dos prezos públicos que xa se atopen establecidos, sempre e cando se limiten á actualización das tarifas segundo a variación do índice de prezos ao consumo.
 - b) O establecemento e a modificación dos prezos públicos por servizos ou actividades na Área de Cultura.
 - c) A modificación dos prezos públicos por servizos ou actividades na Área de Servizos Sociais.
 - d) A modificación dos prezos públicos por servizos ou actividades na Área de Deportes.
- 4.- Toda proposta de establecemento ou modificación dun prezo público deberá seguir o seguinte procedemento previo á súa elaboración:
 - a) Se se tratase do exercicio dunha actividade económica, a redacción por unha Comisión Técnica mixta entre membros da Corporación e persoal técnico, dunha memoria referente aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade de que se trate, na que se determinará a forma de xestión e os supostos de cesamento da prestación do servizo ou actividade, e un proxecto de prezos, segundo o previsto no art. 97 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
 - b) A elaboración polos técnicos da Área de Servizos Económicos dun informe económico-financeiro, á vista dos prezos propostos, que examinará a súa suficiencia para a sostibilidade financeira da actividade ou servizo, e a xustificación da valoración efectuada pola Comisión.
 - c) No suposto de que, ao abeiro do previsto no art. 44.2 TRLRHL, a Corporación decida que o importe dos prezos se sitúe por debaixo do custe da actividade ou servizo, esixirase informe da Intervención municipal de que exista consignación orzamentaria suficiente para a cobertura do déficit previsto, que deberá estar contificado no informe sinalado na letra anterior.
- 5.- Nas propostas de establecemento ou modificación dos prezos públicos, deberase explicitar a data na que se empezará a esixir o prezo, así como o seu réxime de xestión e recadación.
- 6.- A aprobación ou modificación dos prezos públicos suxeitarase, por norma xeral, ao seguinte procedemento:
 - a) Aprobación inicial, xa sexa polo Pleno da Corporación, ou pola Xunta de Goberno local no suposto de terse delegado tal competencia.
 - b) Exposición ao público por un período de trinta días hábiles, a contar desde a inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan formular cantas alegacións estimen oportuna.

c) Aprobación definitiva polo mesmo órgano que realizou a aprobación inicial, resolvendo as alegacións presentadas, no seu caso. De non existir alegacións, o acordo inicial entenderase definitivamente aprobado sen necesidade dun novo acordo.

d) Publicación do acordo de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, a efectos do transcurso do prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, e entrada en vigor do acordo.

7.- Cando na prestación dun servizo ou na realización dunha actividade conflúan unha serie de servizos ou actividades que, constituindo unha unidade de execución ou prestación, deban ser incardinadas parte deles na institución da taxa e parte na do prezo público, á vista das previsións contidas nos arts. 20 a 27 e 41 a 47 do TRLRHL, poderase, por motivos de eficiencia e eficacia na xestión dos ingresos, establecer un único prezo público que abranga todos os servizos ou actividades, sempre que non se supere o custe do servizo por concorrer, na parte das actividades ou servizos que deberan constituir prezos públicos, as circunstancias previstas no art. 44.2 TRLRHL, e sempre e cando o peso relativo dos servizos ou actividades que estrictamente precisaren do establecemento dun prezo público e non dunha taxa sexa o maioritario dentro da globalidade do servizo unitario a prestar. Nestes supostos, o procedemento de aprobación do seu establecemento ou modificación será o previsto nos arts. 15 e seguintes do TRLRHL para os tributos, esixíndose, en todo caso, previo informe técnico-económico que xustifique a concorrencia de dificultades que, en aras á eficacia e eficiencia na xestión, impidan a xestión separada dos servizos a través de cadansúa taxa e prezo público, á vista da memoria que ao efecto o recomende elaborada desde o órgano ou departamento promotor da concreta actividade ou servizo.

ARTIGO 6.- XESTIÓN E RECADACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS.

1.- O acordo de establecemento dun prezo público levará detallado o concreto réxime de xestión do mesmo, sendo posible o establecemento do réxime de autoliquidación polo obrigado ao seu pagamento.

2.- A obriga do pagamento nace desde o inicio da prestación do servizo ou da realización da actividade que constituía o seu feito impositivo.

3.- Poderase esixir o depósito previo dos prezos públicos, sexa total ou parcial. No suposto de que, realizado tal depósito, o servizo ou actividade non se chegue a prestar ou desenvolver, procederá a súa devolución, que poderá ser parcial no suposto de que a solicitude do obrigado ao seu pagamento orixinara xa custes ao Concello, segundo se detalle no concreto acordo regulador do correspondente prezo público.

4.- As débedas derivadas da aplicación dos prezos públicos seguirán os procedementos de recadación previstos na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a desenvolven e complementan para os tributos, podendo ser esixidas polo procedemento administrativo de construximento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.-

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o acordo da súa aprobación definitiva, xunto co seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra do prazo establecido no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Carballo, 1 de outubro de 2013

O Alcalde,

Asdo. Evencio Ferrero Rodriguez

2013/12334